

24 de decembro, novo paro de 24 horas en Atento



OS PAROS DE DÚAS HORAS OS VENRES RETOMARANSE O 8 DE XANEIRO

Continúan as mobilizacións iniciadas a finais de outubro para esixir a retirada da medida tomada por Atento de obrigar a volver a traballar no centro a un grupo de traballadores e traballadoras. Esta semana, e despois de ter coñecemento de que a empresa incluíu unha nova cláusula ao acordo de traballo a distancia para quenes se incorporen a partir de agora ao teletraballo na que supedita o poder traballar nos domicilios aos datos que obteña, o Comité de Empresa convoca un novo paro de 24 horas o día 24 de decembro.

Para o Comité de Empresa esta cláusula é un novo abuso da empresa, ao obrigar ás e ós traballadores a asinala para poder ir a traballar as súas casas e así non por en perigo a súa saúde.

Os e as traballadoras queremos denunciar que con esta nova cláusula Atento pretende lexitimar a medida pola que levamos casi dous meses mobilizándonos e queremos recordar a Atento e o seu cliente Movistar que a nosa saúde está por riba de calquera interes empresarial, e que a partir do 8 de xaneiro continuaremos cos paros de dúas horas os venres, ao final das nosas xornadas, mentres continúen poñendo en perigo as nosas vidas.

O Comité de Empresa seguerá a esixir o teletraballo durante a pandemia para garantir a nosa saúde, É importante recordar que o traballo realizado no sector do telemárquetin se pode facer indiscutiblemente a distancia, tal e como está a realizar a maioría do persoal de Atento hai meses.

Comité de Empresa (do que forma parte a **CGT**) de Atento-A Coruña